

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

AS ESTREAS DE "WAKE UP" E DE "OVAY" PECHAN O PROGRAMA DE COPRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO E CENTRO COREOGRÁFICO DA PRESENTE TEMPORADA

O ÚLTIMO ESPECTÁCULO DE NUT TEATRO ESTRÉASE ESTE SÁBADO 6 DE XUÑO NO FITEI

A COMPAÑÍA DE QUIQUE PEÓN DEBUTA CUN SOLO DE DANZA O VINDEIRO DÍA 14 NO SALÓN TEATRO

As estreallas este mes dos espectáculos *Wake Up*, a cargo de Nut Teatro en coprodución co Centro Dramático Galego (CDG); e de *Ovay*, de Quique Peón en coprodución co Centro Coreográfico Galego (CCG), poñen fin ao programa de participación por parte das unidades de produción da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) en montaxes promovidas por compañías privadas galegas.

continúa na páx. seguinte

SUMARIO

- [1-3] AGADIC
 - [3] > Centro Coreográfico Galego
 - [4] > Centro Dramático Galego
 - [4] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [5-6] ALERTAS
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7] E_SCENA EN CIFRAS



AS ESTREAS DE “WAKE UP” E DE “OVAY” PECHAN O PROGRAMA DE COPRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO E CENTRO COREOGRÁFI- CO DA PRESENTE TEMPORADA

.....
vén da páx. anterior

Con *Wake Up*, os composteláns de Nut Teatro culminan o plan de coproducións do CDG, no que anteriormente se insiriron outras tres propostas escénicas: *Delimvois*, realizada xunto ao portugués Teatro da Oficina; *Rúa Aire*, da man de O retrete de Dorian Gray e *Eco*, última creación do actor e bailarín Iván Marcos. A compañía pública achegou recursos económicos e técnicos para a materialización desta montaxe, que se estreará os días 6 e 7 de xuño no TeCA (Teatro Carlos Alberto) de Porto como parte destacada da carteleira do FITEI (Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica) que se desenvolve nesta cidade portuguesa. Nut repetirá función o martes 9 na extensión do Festival en Moita. En Galicia poderá verse no Salón Teatro os días 18, 19 e 20 de xuño ás 20.30 horas e o día 21 ás 18.00 horas.

Diálogo coas novas tecnoloxías

Wake Up é un espectáculo interdisciplinar en diálogo íntimo coas últimas tecnoloxías que indaga nas novas teatralidades contemporáneas. Tomando como punto de partida o concepto de privacidade, a compañía presenta unha peza na que o espectador se converte nun *voyeur*-mirón de algo que pasa máis alá del e co cal se pode identificar. A través da idea das “camas quentes”, expresión referida aos leitos subarrendados, a montaxe reflexiona sobre a intimidade e as relacións xurdidas dos novos modelos de convivencia.

Carlos Neira asume a dirección e a dramaturxia desta proposta, e tamén a concepción dos textos e do espazo escénico, así como a interpretación



xunto ás actrices Nerea Barros, Xiana Carracelas, Iria Sobrado e Arantza Villar. Outros nomes importantes na materialización deste proxecto son Guillermo Heras como asesor de dramaturxia, Octavio Mas na iluminación e César Abella na produción. O desenvolvemento tecnolóxico empregado está supervisado por Kónic Thtr., plataforma artística con base en Barcelona dedicada á creación contemporánea na confluencia de arte, ciencia e novas tecnoloxías.

Debut de compañía propia

Ovay é o título escollido para a peza que supón o debut da compañía Quique Peón os vindeiros 13 e 14 de xuño no Salón Teatro de Santiago. O bailarín coruñés inicia –despois dunha longa e asentada traxectoria centrada no baile tradicional galego– unha nova etapa creativa na que se adentra nas formas da danza contemporánea desde a pre-

misa de plasmar dun xeito natural a interrelación posible entre ambos tipos de expresión.

O espectáculo é o segundo e último proxecto para a actual temporada coproducido polo CCG (despois de *Concerto Desconcerto*, da compañía Entremáns) mediante a titorización na planificación dos procesos de produción, distribución e comunicación; así como a facilitación de medios tanto materiais coma humanos para a súa realización. Ademais destes asesoramentos, o CCG xestionou a realización dos ensaios de *Ovay* na Fábrica de Santa Cristina en Oleiros, dunha residencia técnica no Teatro Jofre de Ferrol e doutra no Salón Teatro durante a semana previa á estrea. Para contribuír á formación tanto de profesionais como de públicos, a compañía realizou durante o mes previo á estrea unha serie de ensaios abertos, e ten previsto impartir un obradoiro de danza con-

temporánea para públicos no marco do festival EMPAPE 2009 na Coruña e outro en Ferrol.

Ovay está dirixida e coreografiada por Henrique Peón e conta coa participación destacada dos músicos Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero (este último, encargado tamén da dirección musical), que interpretan en directo as composicións sobre as que o bailarín realiza a súa execución en solitario. Erick Jiménez é coautor –xunto a Peón– da coreografía, a Baltasar Patiño competeulle o deseño de iluminación e a Cloti Vaello o de vestuario.

Os catro puntos cardinais

Ovay son as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos cardinais da nosa existencia e os catro elementos da nosa alma, conceptos universais e atemporais encrucillados, ante os que nos movemos a cegas sen comprender o sentido do noso ser. Porque o sentido do noso ser está na fusión de todos eles e só se alcanza coa íntima comprensión da nosa multiplicidade.

Un dos alicerces do proceso creativo de *Ovay* foi a asunción dun repertorio estritamente tradicional galego, tanto na música como na danza, extraído dos arquivos e do material de investigación etnográfico de Quique Peón. As melodías e os movementos están distribuídos dentro do espectáculo de xeito xeográfico, atendendo aos catro puntos cardinais, que son o eixo conceptual da montaxe e teñen especial importancia os ritmos máis autóctonos e identificativos do folclore galego.

+ info en centrodramatico.org e centrocoreografico.org

ESCENA

A ESAD E A AGADIC PROMOEN OITO CURSOS PARA PROFESIONAIS DAS ARTES ESCÉNICAS

A Axencia Galega das Industrias Culturais patrocina unha nova edición do Plan de Formación Permanente da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD), que abordará diferentes ámbitos artísticos e técnicos do teatro e da danza a través de oito cursos que se desenvolverán até o mes de outubro en Santiago, Ribadavia, Vigo e A Coruña.

Dirixido especificamente a profesionais das artes escénicas e cun profesorado composto por destacados nomes da escena a nivel nacional e internacional, o programa comezou o pasado 26 de maio co curso de manipulación de monicreques que Miguel Oyarzún e Carlos Piñero, da compañía arxentina El Chonchón, impartiron en Arteria Noroeste, sede compostelá da SGAE. En Santiago celebráronse, así mesmo, outros tres obradoiros: “Caracterización e indumentaria” cos profesores da ESAD Alejandra Montemayor Suárez e Toni Martín Domenech (do 15 ao 26 de xuño); “Verso” con Ernesto Arias, do Teatro de La Abadía de Madrid (do 1 ao 4 de setembro), e “Dicción galega” con Elisa Fernández Rei, profesora da Universidade de Santiago, e Roberto Pascual, profesor da ESAD e director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (do 21 de setembro ao 2 de outubro). Os tres cursos terán lugar na Sala Roberto Vidal Bolaño da Universidade de Santiago en horario de tarde.

Will Keen en Ribadavia

Ribadavia incorpórase este ano ao programa como sede dun curso de interpretación a cargo do actor británico Will Keen, que se desenvolverá na Casa da Cultura do 20 ao 24 de xullo, coincidindo coa celebración da Mostra Internacional de Teatro.

Pola súa banda, a sede da Escola Superior de Arte Dramática en Vigo acollerá outros dous obradoiros: “Dirección de actores”, impartido por Andrés Lima, director, actor e autor habitual da compañía Animalario, e “Dramaturxia do silencio, dramaturxia para a danza”, polo mestre italiano Roberto Frattini, profesor na Universidade de Pisa e no Conservatorio Superior de Danza de Barcelona.

Na Coruña, a danza será tamén o obxecto do curso que Ion Garrika, profesor da Escola Profesional de Danza de Valladolid, ofrecerá na sede do Centro Coreográfico Galego do 7 ao 11 de setembro baixo o título “Composición coreográfica”.

Nuria Montero Gullón e Roberto Pascual coordinan esta nova edición do Plan de Formación Permanente da ESAD, que oferta un número limitado de prazas para cada un dos oito cursos programados. O prezo de matrícula de cada obradoiro é de 50 €. O prazo de recepción de solicitudes pecharase 15 días antes do inicio do encontro correspondente e a selección dos participantes realizarase atendendo ao seu currículo profesional ou aos criterios especificados polos docentes.

+ info en www.esadgalicia.es

ESCENA

MÁIS DE 40 DE TEXTOS OPTAN AOS PREMIOS DE LITERATURA DRAMÁTICA DA AGADIC

Máis de 40 de textos orixinais e inéditos concorren este ano aos tres premios literarios no eido dramático convocados pola Axencia Galega das Industrias Culturais: XVIII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, IV Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e VII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (modalidades de público infantil e adulto). A AGADIC destina un total de 24.000 euros a esta nova edición dos galardóns, a primeira convocada pola entidade da Consellería de Cultura dende a súa entrada en funcionamento en xuño do ano pasado.

Cada premio e modalidade conta cunha dotación económica de 6.000 euros e a súa concesión implica adicionalmente a posibilidade de que os textos sexan publicados dentro das coleccións dramáticas que a Axencia coedita con distintas empresas galegas.

O xurado, integrado por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e escénico (dous expertos en literatura dramática, dous elixidos entre escritores, dramaturgos, autores e adaptadores, e outros dous entre directores de escena e outros oficios teatrais) dará a coñecer o seu ditame antes do 26 de outubro.

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]



REMATA A DISTRIBUCIÓN DE “GISELIÑA” CON MÁIS DE 7.000 ESPECTADORES

Dende que o pasado 7 de marzo se estrease *Giseliña* no Teatro Rosalía Castro da Coruña, máis de 7.000 espectadores viron esta última produción do Centro Coreográfico Galego (CCG), unha peza dirixida polo coreógrafo catalán afincado en Suíza Cisco Aznar, quen fixo unha revisión contemporánea do clásico *Giselle*.

A xira, que rematou o pasado 22 de maio cunha función no Teatro Área Panorámica de Tui, abrangueu un total de 24 representacións, 3 delas enfocadas especificamente ao público escolar. *Giseliña* puido verse en 10 prazas galegas, 4 do resto de España –dentro das que cómpre destacar a Feria de Teatro de Castilla-La Mancha, o Centro Párraga de Murcia e La Laboral de Xixón– e 3 no estranxeiro. Un acordo co Instituto Cervantes fixo posible que *Giseliña* se presentase na 1ª Bienal de Teatro Internacional de Rabat, no

Teatro Español de Tetuán e no prestixioso festival Zakharef in Motion de Amán, no que participaron compañías de gran relevancia internacional como Sidi Larbi Sherkaoui & Damien Jalet de Bélxica ou City Dance Ensemble de Washington.

Formación para públicos

Co obxectivo de achegar a danza contemporánea á cidadanía, o CCG organizou de xeito paralelo á xira na nosa comunidade unha serie de talleres para públicos que impartiron as coreógrafas galegas Rut Balbis e Estela Lloves. A través destes obradoiros, introduciuse os cidadáns dun xeito lúdico e práctico na arte da danza, facendo fincapé na linguaxe empregada por Cisco Aznar. Neles participaron persoas de distintas franxas de idade, grupos de escolares, colectivos de amas de casa, xubilados, etc. En total, nas 10 prazas galegas nas que se presentou *Giseliña* realizáronse 71 talleres nos que participaron máis de 1.400 persoas.

O SALÓN TEATRO REMATA CICLO CUN CONCERTO DE MÚSICA ESPONTÁNEA E NOVAS FUNCIÓNS ESCÉNICAS

O Salón Teatro remata a súa programación trimestral de primavera ofrecendo ao público novas actividades escénicas e musicais. Así, o 7 de xuño terá lugar a actuación da Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.GA.), dentro do Festival Vibracional TPS. Trátase dun proxecto colectivo de vinte músicos galegos de moi diversa procedencia que traballan regularmente no eido da música improvisada baixo condución xestual. O director emite unha linguaxe de sinais prefixada que os músicos deben interpretar en tempo real nunha retroalimentación constante sustentada na atención mutua, nos procesos de toma de decisións, na incertidume do instante e, sobre todo, na capacidade para viaxar e sorprenderse coa variada riqueza tímbrica, sonora e dinámica do conxunto como unha entidade orgánica.

Canto ao teatro, ademais da estrea da coprodución *Wake Up*



A piragua

con Nut Teatro (18, 19, 20 e 21 de xuño), o escenario compostelán acollerá a estrea da nova produción da obra *A piragua*, escrita e dirixida para o CDG en 2007 por Cándido Pazó e posta en escena agora pola compañía Abrapalabra (25, 26 e 27 de xuño). O director e mailo equipo artístico que participara na primeira montaxe (Xosé Manuel Olveira "Pico", Susana Dans, Iolanda Muíños, Marcos Orsi, César Goldi, Ricardo de Barreiro e Marián Bañobre) volven reunirse para dar vida a esta historia que aborda o asunto da violencia de xénero.

A danza estará representada pola estrea da peza *Ovay* pola Compañía Quique Peón en coprodución co Centro Coreográfico Galego (13 e 14 de xuño).

O CDG INAUGURA AS SÚAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS CO PROXECTO "A DEMOCRACIA"

Os creadores Pablo Fidalgo Lareo e Estefanía García Gómez abren este mes o programa de Residencias Artísticas do CDG con *A democracia*, un traballo onde se xuntan a poesía, o teatro, a danza e a *performance*. Durante todo este mes traballarán na nave industrial da AGADIC no polígono compostelán Costa Vella no proceso creativo desta proposta.

A peza parte da reunión de dous amantes para poñer fin a súa relación, para explicárense e cumprir os seus últimos desexos. A través de accións moi simples, da danza e do desgarrro, vanse contar a súa historia,

van poder vivir un xunto ao outro un pouco máis, van poder transformarse un no outro, xusto nesa noite en que a súa historia remata.

Artistas en Residencia é un programa que a AGADIC desenvolve a través do CCG e do CDG mediante o que se apoia os artistas ou colectivos nos seus proxectos de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, escrita teatral, circo, danza e outras artes do movemento. Ademais de *A democracia*, o CDG apoia outros cinco proxectos: *PlayGround_textiln progress*, de La Canalla; *Rewind*, de Borja Fernández e Uxía P. Vaello; *Corpo-puta-vaca-berro*, de Gena Bamonde, Eva Freixeira e Vanesa Sotelo; *Identidades*, de Xabier Mariño Álvarez; e *Aíe*, de Georgina Domingo e Julien Vittecoq.

A EAEM ORGANIZA A OITAVA EDICIÓ DO FESTIVAL DE CONTRABAIXO LUDWIG STREICHER

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) organiza entre o 1 e o 8 de xullo en Santiago de Compostela a oitava edición do Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher. Clases teóricas e prácticas impartidas por mestres de prestixio, distintos concertos públicos que se levarán a cabo en diferentes localizacións e unha conferencia sobre lutharía de contrabaixos a cargo de Thomas Martin compoñen o programa deste ano.

Organizado pola Sección de Formación Permanente da Escola e coordinado polo profesor Carlos Méndez, o Festival, que naceu grazas á iniciativa dun grupo de antigos alumnos do contrabaixista austríaco Ludwig Streicher na Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid, constitúe hoxe en día un dos encontros máis importantes dedicados ao contrabaixo en todo o ámbito peninsular.

A sede da EAEM acollerá o programa lectivo, que comprende clases individuais de repertorio

solístico, de grupos de repertorio orquestral, de música de cámara e de jazz. O profesorado que traballará cos alumnos desta oitava edición está integrado polo propio Carlos Méndez, contrabaixo principal da Real Filharmonía de Galicia e profesor da Escola de Altos Estudos Musicais; Luis Navidad, ex solista da Orquestra da Comunidad de Madrid e axuda de solista da Orquestra Nacional de España; Damián Arenas, contrabaixo *tutti* da Orquestra Sinfónica de RTVE; e Roberto Terrón, contrabaixo co-principal da Orquestra de RTVE. Pola súa banda, Alfonso Morán, contrabaixo co-principal da Real Filharmonía, impartirá as clases de jazz. Os pianistas Ángel Gago e Lorenzo de los Santos acompañaranos no desenvolvemento das clases.

Canto ás actividades paralelas, está prevista a celebración de cinco concertos: un recital para contrabaixo e piano a cargo de Risto Voulanne e Nuno Caçote, outro recital monográfico sobre Reinhard Süss interpretado por Damián Arenas, Ximo Vicedo e Ángel Gago, un concerto de jazz do Alfonso Morán Cuarteto e dous concertos dos alumnos participantes nas clases.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2009. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o prazo finalizou o 28 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finalizou o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finalizou o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da AGADIC ás industrias culturais 2009 (DOG nº 19 de 28 de xaneiro de 2009)	B. Programa Crédito-Cultura	Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro*
	D. Distribución D.1. Distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais producidos por empresas galegas	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro.	31 de outubro**
	D.2. Asistencia a feiras e mercados culturais	Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais con <i>stand</i> propio, da asociación de empresarios do sector ou da Consellaría de Cultura e Deporte.	31 de outubro***
Subvencións da AGADIC ao sector audiovisual 2009 (DOG nº 61 de 31 de marzo de 2009)	Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego	Produtoras audiovisuais independentes.	15 de outubro
Premios á creación literaria no eido dramático (DOG nº 41, de 27 de febreiro de 2009)	XVIII Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	2 de xuño
	IV Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos dirixidos a público infantil, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
	VII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques 2 modalidades: rapaces e adultos (Dotación económica: 6.000 € por modalidade)	Textos inéditos para teatro de monicreques, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
EAEM. VIII Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher	Un profesorado composto por recoñecidos mestres deste instrumento ofrecerá as sesións teóricas e prácticas do festival, que se desenvolverá do 1 ao 8 de xullo na Escola de Altos Estudos Musicais, en Compostela.	Músicos que teñan superado o primeiro curso do primeiro ciclo de Grao Medio. Sen límite de prazas. Matrícula: 180 € Máis información: Escola de Altos Estudos Musicais no tel. 981 554 222 ou na web www.ludwigstreicher-festival.org	16 de xuño
I Certame Galego de Cómic sobre Teatro	A Asociación Cultural Entre Bambalinas, editora da Revista Galega de Teatro, convoca a primeira edición deste certame co obxectivo de contribuír á divulgación do teatro galego a través da banda deseñada. O premio está dotado con 1.000 euros e a publicación da obra gañadora.	Os/as autores/as poderán presentar cantas obras desexen, sempre que o tema estea baseado no texto "Doentes", de Roberto Vidal Bolaño. A extensión será de 32 páxinas, a cor ou banco e negro e con formato DIN-A4 máis a portada en cor. As bases poden solicitarse no correo revistagalegateatro@hotmail.com .	3 de xullo

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Plan de Formación Permanente en Artes Escénicas 2009	A AGADIC e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) promoven a terceira edición deste programa formativo. O prazo de solicitude está aberto para os seguintes cursos: ■ Caracterización e indumentaria, con Alejandra Montemayor e Antoni Martín Domenech (Sala Roberto Vidal Bolaño da Universidade de Santiago, do 15 ao 26 de xuño). ■ Interpretación, con Will Keen (Casa da Cultura de Ribadavia, do 20 ao 24 de xullo). ■ Verso, con Ernesto Arias (Sala Roberto Vidal Bolaño da Universidade de Santiago, do 1 ao 4 de setembro). ■ Dirección de actores, con Andrés Lima (sede da ESAD en Vigo, do 7 ao 10 de setembro). ■ Composición coreográfica, con Ion Garrika (sede do Centro Coreográfico Galego na Coruña, do 7 ao 11 de setembro). ■ Dramaturxia do silencio, dramaturxia para a danza, con Roberto Fratini (sede da ESAD en Vigo, do 14 ao 18 de setembro). ■ Dicción galega, con Elisa Fernández Rei e Roberto Pascual (Sala Roberto Vidal Bolaño da Universidade de Santiago, do 21 de setembro ao 2 de outubro).	Profesionais das artes escénicas. Máis información: www.esadgalicia.es	Até 15 días antes do inicio de cada curso
IX Premio Madrid Sur para Textos Teatrales	O XIV Festival Internacional Madrid Sur fai pública unha nova convocatoria do seu galardón, dotado con 2.000 euros. O Festival reservarase, ademais, o dereito de presentar a obra premiada na súa próxima convocatoria.	Autores e autoras de calquera nacionalidade que presenten os seus textos –inéditos e axustados ao tempo habitual de representación– en español. As obras enviaranse por triplicado, acompañadas da plica, á Fundación Instituto Internacional de Teatro del Mediterráneo (Ricardo de la Vega, 18. 28028 Madrid). Máis info.: 91 355 58 67 (oficina do Festival).	15 de setembro

Outras convocatorias de interese:

- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdegalicia.org
- Deputación da Coruña: <http://www.dicoruna.es/cultura/premios/index.htm>
- Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena 2010: www.iberescena.org
- Fondo Iberoamericano de Axuda Ibermedia 2009: www.programaibermedia.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): <http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html>
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]

Pingueiras e tarteiras

Teresa González Costa

Colección Biblioteca
Dramática Galega, nº 12
Edita: AGADIC –
Edicións Xerais de Galicia
ISBN: 978-84-453-4816-1
PVP: 13,50 €



III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2008

No Castelo Grisallo todo é gris: desde o maimiño da raíña ata a súa cunca de porcelana inglesa. E tamén chove moito. A Súa Maxestade xa está cansa de colocar tarteiras debaixo das

pingueiras. Pero un día chega pola porta a Compañía do Paraugas. Pouco a pouco os membros desta compañía de circo –que outrora fora esplendoroso– daranlle cor a tanta monotónia. E farán que a mesma choiva soe a música: a música das pingueiras nas tarteiras.

REXISTRO DE DATOS FEBREIRO 2009

[E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Produccións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Santiago	<i>Noite de Reis</i>	17	201,06	1.046,71 €
Pontevedra	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	2	301,00	824,25 €
Ourense	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	4	154,50	704,60 €
Ferrol	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	2	377,00	359,00 €
Vilagarcía	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	2	*	*
O Barco	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	2	137,00	206,00 €

* datos non dispoñibles

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
CDG	<i>Noite de Reis</i>	17	201,06	1.046,71 €
Varuma Teatro	<i>Malgama</i>	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	<i>Contigo</i>	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	<i>As vingadoras</i>	2	193,00	302,50 €
Ieto	<i>Ieto</i>	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	<i>Festival Sinsal</i>	1	190,00	1.383,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	26	4.692	67,15%	23.765,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	17	3.418	75,30%	17.794,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i>	12	2.248	46,81%	5.596,90 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNC.	ESPECT/FUNC.	FACT/FUNCIÓN
Arela das Artes	2	73,00	219,75 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	1	20,00	40,00 €
Berrobambán	1	123,00	339,00 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	1	158,00	540,00 €
Búho y Maravillas	1	181,00	272,50 €
Caramuxo Teatro	1	90,00	135,00 €
Chrystyan Magic	1	132,00	324,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Compañía do Trinke Trinke	3	117,00	210,50 €
Dani García	2	173,50	334,25 €
Elefante Elegante Teatro	6	263,67	475,58 €
Ensemble Vigo 430	1	27,00	81,00 €
Entremans	3	78,67	233,33 €
Espello Cóncavo	5	161,80	608,80 €
Fulano, Mengano e Citano, S.L.	2z	71,50	201,25 €
Galitoo	6	231,67	416,00 €
Ghazafelhos	3	105,00	179,83 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	26,00	78,00 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	1	70,00	130,00 €
La Tirita de Teatro	3	58,67	141,67 €
Lagarta Lagarta	3	132,33	467,17 €
Lambríaca Teatro	3	119,00	304,67 €
Mago Rafa	3	161,00	249,83 €
Mago Xacobe Sanz	1	87,00	184,00 €
Maquinaria Pesada	2	42,00	210,00 €
Martín Camiña	2	91,50	202,00 €
Matarile Teatro	2	47,00	178,50 €
Miroscopio Perdicións	4	52,00	105,38 €
Nova Galega de Danza	2	233,50	1.316,00 €
Os Monicreques de Kukus	3	162,00	275,17 €
Os Quinquilláns	1	400,00	0,00 €
Pistacatro Productora de Soños	5	156,40	596,90 €
Pt Excéntricas	1	221,00	1.090,00 €
Román García	4	143,50	278,75 €
San&San	4	101,75	225,19 €
Sarabela Teatro	6	313,83	997,67 €
Talia Teatro	6	146,00	336,17 €
Teatro de Ningures	2	100,50	606,50 €
Teatro del Andamio	4	76,00	302,31 €
Teatro do Atlántico	4	129,50	386,25 €
Teatro do Morcego	3	76,00	171,33 €
Teatro do Noroeste	4	118,25	577,00 €
Teatro Ensalle	2	61,50	340,00 €
Teatro Galileo	1	81,00	259,50 €
The Pinga Teatro	2	163,00	244,00 €
Uroc Teatro	2	120,50	486,50 €

TOTAIS RGTA (ATÉ FEBREIRO)				
2006	2007	2008	2009	
Funcións	86	108	137	122
Público	15.316	16.296	21.115	17.043
Ocupación	45,95%	39,69%	39,55%	35,24%
Facturado	43.582,00	47.184,61	63.383,24	47.071,50

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNC.	ESPECT/FUNC.	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	1	38,00	132,00 €
Sala Nasa (Santiago)	9	45,44	226,00 €
Sala Santart (Santiago)	6	17,83	76,67 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	7	11,71	100,00 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	13	31,00	113,23 €
Teatro Ensalle (Vigo)	2	23,00	148,50 €

TOTAIS RGS (ATÉ FEBREIRO)			
2007	2008	2009	
Funcións	27	16	38
Público	1.093	443	1.085
Ocupación	36,12%	45,90%	43,23%
Facturado	6.045,00 €	2.462,00 €	5.095,00 €

Betanzos	1	45,00	157,50 €
Boiro	2	75,00	135,00 €
Cambados	4	201,25	264,00 €
Carballo	4	62,00	156,25 €
Cedeira	4	79,00	137,50 €
Cee	3	147,33	231,83 €
Ferrol	2	59,00	173,00 €
Foz	5	127,80	256,70 €
Lugo	3	70,33	243,33 €
Monforte de Lemos	2	169,50	392,00 €
Muros	3	83,00	157,50 €
Narón	5	144,00	849,00 €
Noia	2	85,50	190,50 €
O Barco de Valdeorras	2	124,50	566,00 €
O Carballiño	2	146,00	393,50 €
Oleiros	2	206,00	782,50 €
Ortigueira	1	58,00	145,00 €
Ourense - Auditorio Municipal	5	363,40	938,60 €
Pontevedra	9	266,11	542,39 €
Redondela	2	192,50	525,50 €
Ribadavia	1	72,00	163,00 €
Ribadeo	4	176,50	199,50 €
Sada	3	68,00	228,67 €
San Sadurniño	2	69,50	136,50 €
Santiago de Compostela	3	63,00	328,67 €
Sanxenxo	1	103,00	360,50 €
Tui	3	177,00	428,33 €
Vigo - Caixanova	3	156,67	779,33 €
Vilagarcía de Arousa	5	115,00	307,20 €
Viveiro	1	158,00	516,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOSESPECT/CONCERTO		
FACT/CONCERTO			
7 Puertas	1	100,00	300,00 €
A Tuna Rastafari	1	75,00	325,00 €
Aid	2	69,00	214,50 €
Aló Django	1	80,00	375,00 €
Álvaro Muras	3	39,33	99,67 €
Anger	1	20,00	40,00 €
Aphonic	2	64,00	287,00 €
Baldosa Amarilla	4	81,00	184,25 €
Banda Potemkin	1	38,00	118,00 €
Batusi	2	13,50	44,50 €
Brothers In Band (Tributo Dire Straits)	3	31,33	98,00 €
Bruno T. Ford	5	40,60	122,00 €
Bukowski Blues Trio?	2	50,00	176,00 €
Carlos Childe Troupe	1	30,00	100,00 €
Chamito el Flako	1	109,00	267,00 €
Con Cierto Swing	1	30,00	135,00 €
Coolltrain Band	2	24,50	89,00 €
Cornelius	2	107,50	307,50 €
Creole Kings	3	39,00	135,00 €
Dandy Fever	1	70,00	116,00 €
Debuxos Reanimados	1	68,00	340,00 €
Deva	1	76,00	192,00 €
Ectoplasma	1	15,00	75,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	4	57,00	250,25 €
El Puchero del Hortelano	3	80,33	429,33 €
Eldio y Los Seres Queridos	1	22,00	110,00 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Br.	1	35,00	105,00 €
Felix Arias	2	26,50	54,50 €
Franc3s	3	21,00	67,67 €
Guru Deva	3	48,00	130,33 €
Harry Navisson Band	3	26,33	65,00 €
Héctor Lorenzo	2	23,50	45,50 €
Holywater	4	119,75	503,75 €
Javier Pereiro Quartet	1	34,00	90,00 €
J. Luis Pardo & The Mojo Workers	4	46,25	201,50 €
Little Albert Boogie Band	2	38,00	129,50 €
Los Eternos	1	73,00	310,00 €
Los Marcianos	1	48,00	144,00 €
Los Mecánicos	3	37,00	86,67 €
Lucia Martínez Cuarteto	1	50,00	276,00 €
M3 · Monkeymeetsmusic	1	50,00	150,00 €
Magín Blanco & Burgas Beat	2	59,50	79,00 €
Meu	4	90,00	393,00 €
Michel Gonzalez Band	2	41,50	92,50 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	1	29,00	145,00 €
Misquious	2	47,00	103,50 €
Moon Cresta	3	42,67	151,33 €
Moondogs Blues Party	1	58,00	290,00 €
Mr. Whiz	2	40,00	178,00 €
Niño y Pistola	3	65,67	215,33 €
O Sonoro Maxín	2	78,00	281,50 €
Overlook	1	21,00	63,00 €
Pablo Bicho Quinteto	2	50,50	180,00 €
Phantom Club	1	127,00	485,00 €
Por Placer	1	25,00	50,00 €
Preachers Of Rock And Roll	2	23,50	47,50 €
Rockers Go To Hell	2	56,50	157,50 €

Ruso Negro Dúo	3	46,67	130,33 €
Samesugas	3	36,33	146,00 €
Samuel Leví	2	20,00	42,00 €
Sevigny	2	33,00	129,50 €
Sojazz	1	40,00	120,00 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	3	18,67	54,67 €
Tangazz Trío	1	33,00	125,00 €
The 38beats	1	32,00	64,00 €
The Blows	5	85,60	301,60 €
The Fishuckers	1	31,00	62,00 €
The Homens	2	45,00	135,00 €
The Sweat	1	40,00	80,00 €
Transilvanians	3	65,00	238,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONC.	FACT/CONC.
A Fundación (Melide)	3	72,33	155,67 €
Aturuxo (Bueu)	2	85,50	390,00 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	4	57,25	161,50 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordes)	2	36,00	108,00 €
Bar Liceum (O Porriño)	3	102,00	319,67 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	3	61,00	183,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	2	39,50	85,00 €
Café Concerto Antano (Outes)	2	45,50	107,50 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	1	78,00	156,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	2	59,50	152,50 €
Catro Camiños (A Rúa)	3	34,00	14,67 €
Clandestino (Nigrán)	3	28,67	76,33 €
Clavicémbalo (Lugo)	6	48,17	195,00 €
Contrabajo (Vigo)	8	39,25	177,75 €
El Ensanche (Vigo)	3	39,00	117,00 €
El Otro Caimán (Monforte)	1	60,00	150,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	3	101,67	275,00 €
Garufa (A Coruña)	7	60,86	229,29 €
Jazz Vides (A Coruña)	9	32,67	122,22 €
La Casa de Arriba (Vigo)	10	24,80	122,80 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	5	62,60	250,40 €
La Galeríajazz (Vigo)	2	17,00	85,00 €
La Iguana Club (Vigo)	6	98,67	395,67 €
Marrucho (Baiona)	4	27,75	61,00 €
O Con do Moucho (A Illa)	1	40,00	80,00 €
Planeta (Sarria)	3	70,67	182,00 €
Pub o Muíño (Cervo)	2	39,00	78,00 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	6	51,00	139,00 €
Pub Gatós (Melide)	3	46,67	119,00 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	3	20,33	59,00 €
Sala Run Rum (Ferrol)	5	60,20	246,00 €
Sala 600 (Melide)	4	45,75	195,00 €
Sala Karma (Pontevedra)	7	77,29	389,43 €
Salason (Cangas de Morrazo)	3	48,67	137,67 €
Salón Parroquial (Pontearreas)	3	67,67	117,33 €
Vagalume (Salvaterra)	1	25,00	50,00 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	4	30,00	100,50 €

TOTAIS RGMV (ATÉ FEBREIRO)			
2007	2008	2009	
CCONCERTOS	89	129	142
PÚBLICO	4.762	6.779	7.305
OCUPACIÓN	27,20%	37,74%	39,88%
FACTURADO	11.110,00 €	20.764,00 €	25.066,00 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



Agencia Galega das
Industrias Culturais

AGADIC, Rúa da Vesada s/n San Lázaro.
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28 Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info